



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA TERRITORIAL  
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES  
Dirección Xeral de Obras Públicas

## **NOTA ACLARATORIA SOBRE A ORDE CIRCULAR 1/2008, de sinalización horizontal e limitación de velocidade en treitos urbanos e pasos de peóns.**

O 16 de xullo de 2007 emitiuse a Orde Circular 3/2007 do director xeral de Obras Públicas, pola que aplica a Instrución de accesos nas estradas convencionais de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, redactada pola Dirección Xeral de Obras Públicas.

Posteriormente e unicamente aplicable a treitos urbanos, con data 19 de maio de 2008 emitiuse a Orde Circular 1/2008 do director xeral de Obras Públicas, de sinalización horizontal e limitación de velocidade en treitos urbanos e pasos de peóns.

Para evitar calquera tipo de confusión na aplicación destas dúas Ordes Circulares respecto ós xiros á esquerda, redáctase a presente nota aclaratoria.

O establecido no apartado de *Xiros* na Orde Circular 1/2008 é aplicable só para treitos urbanos e para xiros á esquerda a e/ou desde accesos xa existentes no dito treito. No caso de novos accesos, xa sexa en treito urbano como en non urbano, a Orde de aplicación para os xiros será en todo caso a Orde Circular 3/2007.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2008

O director xeral de Obras Públicas

Asdo: Manuel Morato Miguel